

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2016 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciados pola Orde do 26 de abril de 2016.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 26 de abril de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* nº 86, do 6 de maio), de conformidade co establecido no artigo quinto da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 26 de abril de 2016, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesores dos centros integrados, tal e como establece o punto 2 do artigo quinto da citada orde.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo punto 4 do artigo quinto da antedita orde, nomear directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro. O nomeamento referido no punto segundo desta resolución terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de xullo de 2016 inclusive.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



ANEXO

Provincia	Concello	Código do centro	Centro integrado de formación profesional	Apelidos e nome	DNI
A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	Rosario Susana Agra Rama	32621972Z
A Coruña	Ribeira	15014556	CIFP Coroso	Antonio Manuel Teira Rivas	52456411N
Lugo	Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	Antonio Ibáñez Burgo	3381909M
Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	Vicente Ribao Docampo	34603065W
Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello	Abel Ocampo Sánchez	34943032Y
Pontevedra	Pontevedra	36020064	CIFP Carlos Oroza	Manuel Hermo Piñeiro	76778568Z
Pontevedra	Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	María Jesús Pena Fariñas	32771445X

